



CENSO ELECTORAL INICIAL DA FEDERACION GALEGA DE TIRO OLIMPICO, PROCESO ELECTORAL 2018, PARA ELECCIONS A MEMBROS DA ASEMBLEA, COMISION DELEGADA E PRESIDENTE.

O presente censo cumpre co establecido no Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorias que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas. Foi aprobado pola Xunta Directiva da Federación Galega de Tiro Olímpico, na súa reunión de data 3 de febreiro de 2018.

Este censo está concebido como un censo orientativo que permita coñecer nese momento, previo á aprobación do regulamento e do calendario, a configuración estimativa dos integrantes de cada estamento.

Os censos confeccionáronse por provincias para facilitar o seu acceso. O Regulamento electoral determinará as circunscricións electorais e o número de mesas electorais.

Durante o prazo de exposición, que será de vinte (20) días naturais, para os efectos de que as posibles persoas electoras poidan presentar aclaracións, rectificacións ou reclamacións a éste durante o devandito prazo, mediante escrito remitido á xunta directiva, que valorará os escritos presentados e procederá, se é o caso, á emenda ou corrección do censo electoral inicial no prazo de oito días naturais.

No citado prazo, as entidades poderán solicitar que figure como representante delas no censo e como votante na elección de membros da asemblea xeral unha persoa distinta á presidencia, sempre que sexa membro da xunta directiva da entidade, condición que deberá acreditar mediante certificado expedido polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Data de publicación do censo inicial: 28 de febreiro de 2018. Prazo de exposición: 20 días naturais a partires da data de exposición.

Lugares de exposición ao público:

Páxina web da Federación: www.fegato.gal

Taboleiro de anúncios da sede federativa: Avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n (Casa do Deporte), Local número 1, de luns a venres en horarios de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.

Taboleiro de anúncios da delegación de A Coruña: Rúa Ramón María Aller, 2 – 1º Drta. Local B. de Luns a Venres en horários de 16:00 a 20:00 horas.

Taboleiro de anúncios da delegación de Lugo: Avda. Infanta Elena Duquesa de Lugo, s/n (Casa do Deporte), Local número 3, os días luns, mércores e xoves en horarios de 18:00 a 20:00 horas.

Taboleiro de anúncios da delegación de Ourense: Rúa dos Chaos, 51 (Polígono de tiro Eiroás) os días: martes de 16:00 a 20:00 horas, mércores, xoves, venres, sábados e domingos en horários de 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

Taboleiro de anúncios da delegación de Pontevedra: Filgueria, 114 San Andrés de Xeve – Pontevedra (Instalacións de tiro Cernadiñas Novas – Edificio de precisión), de mércores a domingo en horários de 09:30 a 13:00 horas e de 16.00 a 19:00 horas.

Lugo, 26 de febreiro de 2018.